

Memoria da EDG

Teatro Biscaíño recupera a historia do teatro galego dende os anos sesenta

A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral

Carlos Caetano Biscaíño

Fernandes

Laiovento, 2007

650 páx · 12 euros



O ano 2007 foi rico para o ensaio teatral, ese xénero ao que estamos desafeitos pero cuxo mantemento garanten editoriais coma Galaxia, Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado, Tris Tram e Laiovento. A esta última é á que lle debemos unha monografía necesaria, non só porque recupera a historia recente do teatro galego –aspecto habitualmente desatendido en virtude de lecturas do noso pasado máis patrimoniais–, senón tamén porque contribúe decisivamente a completar o relato da construción do sistema teatral actual: a actividade da Escola Dramática Galega, así, cóntasenos desde os seus comezos, nos anos 60, ata case os nosos días.

Interesa o libro de Carlos Biscaíño, *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral*, porque toma como punto de partida para explicar outros moitos aspectos un só factor: a aventura docente e artística que foi esta escola-compañía levada adiante por activistas coma Manuel

teórico de sistema como rede de relacións funciona, amosando a íntima relación entre o devir da EDG e outras iniciativas institucionais do teatro galego, como por exemplo a creación do CDG e outras iniciativas para o ensino, para a residencia teatral ou mesmo para a edición de textos dramáticos, e, cómo non, para a actividade escénica coma modelo de creación artística.

Velaí como Carlos Biscaíño logra relatar un segmento temporal da historia do teatro galego que recolle a parte fundamental do seu proceso de institucionalización e, sobre todo, a súa definitiva configuración como sistema. O método utilizado, que non deixa de ser perigoso e problemático, é o recurso á prensa periódica da época como fonte de información, sistema que conduce o autor, en ocasións, a lecturas parciais dalgúns feitos. Pero é meritório, alén de todo iso, que un libro coma este non caia na haxiografía, unha haxiografía que é para os investigadores unha tentación cando se trata de relatar momentos fundacionais e cando se trata, ademais, de realizar un exercicio de xustiza memorística. Máis alá disto, esta reflexión sobre a historia da EDG demóstranos que ningún acontecemento, ningunha persoa e, sobre todo, ningún artista,



Detalle da fachada do Teatro Jofre, en Ferrol. //Arquivo

Laiovento recolle o proceso de institucionalización do teatro do país, alén da súa definitiva configuración como sistema

Lourenzo, Francisco Pillado ou Antón Lamapereira, entre outros. O autor establece, ademais, unha orde lóxica de relacións entre a Escola e os seus tentáculos teatrais, a miúdo fórmulas de relación con outros axentes culturais galegos, como foron os Cadernos da EDG, o concurso de Teatro Breve, a creación da Sala Luís Seoane e a inauguración da investigación teatral. A través da análise pormenorizada de todos estes aspectos, Biscaíño demostra que o concepto

é alleo ás circunstancias do tempo no que lle toca vivir. Unhas circunstancias que condicionan a súa actividade desde aspectos coma a burocracia da Transición ou a xestión diaria dunha empresa cultural que a miúdo condicionan os aspectos máis estéticos, fondamente artísticos e mesmo ideolóxicos da actividade dos protagonistas da EDG.

// Inma López Silva